

**INSTITUTO GALEGO
DE PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 17 de febreiro de 2006 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), que aproba as bases reguladoras das axudas do instituto á mellora da produtividade empresarial mediante a innovación, cooperación e modernización do tecido produtivo e se procede a aprobar a súa convocatoria para o ano 2006 en concorrencia competitiva.

O Consello de Dirección do Igape na súa reunión, celebrada o día 2 de febreiro de 2006, acordou por unanimidade dos membros asistentes a aprobación das bases reguladoras das axudas do instituto á mellora da produtividade empresarial mediante a innovación, cooperación e modernización do tecido produtivo.

Tendo en conta que a base 5ª establece que as convocatorias de axudas que conterán en todo caso o prazo de presentación de solicitudes e os créditos asignados a ela, serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Na súa virtude e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar as bases reguladoras da concesión polo Igape de axudas á mellora da produtividade empresarial mediante a innovación, cooperación e modernización do tecido produtivo, que se anexan á presente resolución.

Segundo.-Convócanse para o ano 2006 as axudas co obxecto e conforme as bases reguladoras que se publican mediante a presente resolución.

Terceiro.-Os créditos asignados para as resolucións que se diten no exercicio 2006 son os seguintes:

a) Para os apoios enumerados na base 1.1, con cargo á partida orzamentaria 01.02 11/04/01, 50.000 € para o exercicio 2006.

b) Para os apoios enumerados na base 1.2, con cargo á partida orzamentaria 02.02 18/01/01, 6.600.000 €, coa seguinte distribución plurianual: 2.000.000 € para o exercicio 2006 e 4.600.000 € para o exercicio 2007.

c) Para os apoios enumerados na base 1.3, con cargo á partida orzamentaria 02.02 18/02/01, 2.700.000 €, coa seguinte distribución plurianual: 1.000.000 € para o exercicio 2006 e 1.700.000 € para o exercicio 2007.

d) Para os apoios enumerados na base 1.4, con cargo á partida orzamentaria 02.02 18/03/01, 2.500.000 € para o exercicio 2007.

e) Para os apoios enumerados na base 1.5, con cargo á partida orzamentaria 02.02 18/04/01, 600.000 € para o exercicio 2007.

Estes importes, así como as aplicacións ás que se imputen, poderán ser ampliados en función das disponibilidades orzamentarias, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes, salvo indicación expresa en contrario da resolución que se publique para o efecto.

Cuarto.-O modelo de solicitude é o que se establece como anexo I ás bases reguladoras. O prazo de presentación de solicitudes será do 1 de abril ata o 10 de maio de 2006.

Quinto.-O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución do expediente será de tres meses contados desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen ter recaído resolución expresa, o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude.

Santiago de Compostela, 17 de febreiro de 2006.

José Antonio Delgado Arce
Director xeral do Instituto Galego de
Promoción Económica

Bases reguladoras das axudas do Igape á mellora da produtividade empresarial mediante a innovación, cooperación e modernización do tecido produtivo.

As presentes bases desenvolven a regulación das medidas previstas en distintas epígrafes do marco de actuación do Igape para a mellora da produtividade empresarial mediante a innovación e desenvolvemento, cooperación e modernización do tecido produtivo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os apoios concederanse no marco establecido no Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 142, do 23 de xullo), e poderán ser cofinanciados co Feder.

Con carácter xeral, as axudas reguladas nestas bases, segundo o indicado en cada epígrafe, outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva ao abeiro do disposto no número 8º do artigo 78 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Nas convocatorias en concorrencia competitiva, a preparación de solicitudes será necesariamente telemática, como exemplo da implantación de sistemas e tecnoloxías novidosas, en beneficio de ambas as partes. A súa presentación e a comunicación entre o solicitante e o Igape poderá ser, así mesmo, totalmente telemática ou ben mediante a presentación física da instancia de solicitude, segundo o previsto na base 4ª.

Base 1ª.-Iniciativas obxecto de apoio.

Segundo a regulación establecida para cada caso na base 3ª, o Igape poderá conceder subvencións a fondo perdido a:

1.1. Iniciativas de difusión realizadas por organismos intermedios.

1.2. Proxectos de investimento e desenvolvemento tecnolóxico das Pemes.

1.3. Proxectos dirixidos a mellorar a organización das Pemes mediante a consultoría de proceso e implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando.

1.4. Proxectos de desenvolvemento tecnolóxico precompetitivo:

a) De cooperación entre empresas.

b) De colaboración entre unha empresa que supere os límites de PEME con centros ou institucións tecnolóxicas.

1.5. Proxectos tractores de empresas desenvolvedoras de software en código aberto.

Base 2ª.-Beneficiarios e condicións de carácter xeral.

2.1.

a) Respecto das iniciativas descritas no número 1.1 anterior: poderán ser beneficiarios todo tipo de entidades públicas ou privadas con personalidade xurídica propia e sen fin de lucro (denominadas para estes efectos organismos intermedios) que vaian a desenvolver en Galicia actividades de difusión da cultura innovadora.

b) Respecto das Iniciativas referidas nos números 1.2., 1.3. e 1.5. anteriores: serán beneficiarios destas axudas as pequenas e medianas empresas (Pemes) segundo a definición da Comisión Europea feita pública para efectos do Igape mediante a Resolución do 27 de decembro de 2004, DOG nº 11 do 18 de xaneiro de 2005, domiciliadas na Comunidade Autónoma de Galicia ou que acometan proxectos subvencionables nos seus centros de traballo establecidos en Galicia.

c) Respecto das iniciativas referidas no número 1.4. anterior: poderán ser beneficiarios as Pemes ou as empresas que superen os límites de PEME domiciliadas ou con centros de traballo en Galicia.

d) En todos os casos deberán cumprir os requisitos establecidos para cada liña de apoio e estar ao día nas súas obrigas coa Facenda Pública, coa Comunidade Autónoma de Galicia e coa Seguridade Social.

2.2. Os incentivos regulados nestas bases outorganse en réxime de concorrència competitiva, seleccionando o Igape nunha valoración conxunta os proxectos que obteñan mellor cualificación segun-

do os criterios establecidos para cada caso na base 3ª.

2.3. Unicamente serán subvencionables os investimentos e gastos realizados e pagados posteriormente á presentación da solicitude de axuda e con anterioridade á finalización do prazo concedido para a execución do proxecto. Este período denomínase prazo de vixencia para os efectos de cumprir todas as condicións que estableza a resolución de concesión da axuda.

2.4. Quedan expresamente excluídos os impostos, taxas e demais arbitrios.

2.5. Salvo nos proxectos presentados por organismos intermedios, os beneficiarios deberán achegar para o financiamento do proxecto un autofinanciamento de polo menos un 30% dos investimentos subvencionables, que non poderá ser obxecto de axuda ou subvención ningunha. Para os efectos de acreditar este autofinanciamento a resolución de concesión fixará o nivel de fondos propios a acadar durante o prazo de vixencia. No caso de empresarios individuais, a achega do autofinanciamento mínimo necesario, considerárase cumprida cando a declaración de axudas concorrentes para o proxecto non supere o 70% do seu importe total.

Base 3ª.-Apoios á implantación de proxectos de innovación, cooperación e modernización do tecido produtivo.

3.1. Iniciativas de difusión.

Poderán subvencionarse con subvencións a fondo perdido as iniciativas dos organismos intermedios definidos na base 2.1.a) en materia de difusión e divulgación de técnicas dirixidas á innovación e mellora da produtividade das Pemes, tales como xornadas, seminarios, ciclos de conferencias, congresos, etc. sempre e cando inclúan no seu programa contidos de divulgación específica dos instrumentos e actuacións do Igape no eido da innovación e mellora da produtividade na Comunidade Autónoma galega.

As accións subvencionables deberán realizarse e xustificarse no mesmo ano natural da data de presentación da solicitude de apoio.

As actividades financiáveis ao abeiro desta base deben cumprir os seguintes requisitos mínimos:

a) Ser realizadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Complementar as accións de difusión en materia de técnicas dirixidas á innovación e mellora da produtividade das Pemes desenvolvidas polo Igape ou por outros axentes de promoción.

c) Incluír no seu contido a divulgación dos instrumentos e actuacións do Igape no eido da innovación empresarial e a mellora da produtividade.

3.1.1. Beneficiarios.

Os organismos intermedios definidos na base 2.1.a), que propoñan unha iniciativa de difusión e divulgación de técnicas, metodoloxías, mecanismos, etc. dirixidas á innovación e incremento da produtividade nas empresas galegas.

3.1.2. Conceptos subvencionables.

A contía da achega do Igape poderá chegar ata o 80% dos gastos de contratación de relatores, publicidade e difusión e impresión e distribución dos relatorios ou publicacións vinculadas á iniciativa aprobada, sen que en ningún caso supere as seguintes cantidades:

-Iniciativas de ámbito local ou comarcal: 6.000 euros.

-Iniciativas de ámbito provincial: 12.000 euros

-Iniciativas de ámbito autonómico: 25.000 euros

As subvencións que se é o caso superen o 50% do custo subvencionable outorgaranse cos límites e de conformidade co Regulamento 69/2001, da Comisión do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas de minimis (DOUE do 13 de xaneiro de 2001).

3.1.3. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

As propostas avaliaranse tomando en conta os seguintes criterios, seleccionando aquelas que obteñan maior puntuación ata o límite do orzamento asignado:

1. O carácter aberto e gratuíto da iniciativa: 10 puntos.

2. A colaboración de universidades ou centros tecnolóxicos: 10 puntos.

3. O grao de madurez na definición das actividades: 0 - 20 puntos.

4. A repercusión da iniciativa proposta en termos do impacto cualitativo e cuantitativo previsto para esta en relación co seu orzamento: 0 - 30 puntos.

5. O interese e singularidade da iniciativa nos enfoques sobre a innovación empresarial: 0 - 30 puntos.

3.1.4. Prazo de xustificación das accións.

Os beneficiarios terán de prazo ata o 30 de novembro do mesmo ano natural da súa solicitude de axuda para presentarlle ao Igape a solicitude de cobramento, segundo anexo V, e a documentación xustificativa da efectiva execución das iniciativas subvencionadas e dos gastos efectivamente aboados.

3.2. Investimento e desenvolvemento tecnolóxico das Pemes.

Poderán incentivarse con subvencións a fondo perdido, os proxectos de investimento empresarial de

carácter tecnolóxico, así como de desenvolvemento de procesos e produtos, para a consolidación ou inicio de determinadas actividades empresariais.

Entenderase por investimento tecnolóxico a incorporación á PEME de bens de equipamento de carácter tecnolóxico a integrar na cadea de valor ou en departamentos de I+D, deseño ou ensaio.

Entenderase por desenvolvemento tecnolóxico, a actividade dirixida á materialización nun deseño ou formulación conceptual completa dun produto, proceso ou servizo, novos ou substancialmente modificados, podendo incluír a realización dun prototipo non comercializable.

3.2.1. Beneficiarios.

As pequenas e medianas empresas, segundo a definición da base 2.1.b) que teñan radicado o centro da súa actividade ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia e propoñan un proxecto de investimento tecnolóxico para a consolidación ou posta en marcha dalgunha das actividades subvencionables, así como para a creación ou dotación de departamentos ou centros de I+D, de deseño ou de ensaio, levados a cabo neste caso polas Pemes cuxa actividade principal sexa subvencionable.

3.2.2. Actividades subvencionables.

Serán subvencionables ao abeiro deste programa os proxectos de investimento tecnolóxico en Galicia para a consolidación ou posta en marcha de actividades industriais, loxísticas ou de servizos avanzados ás Pemes, dirixidos a mellorar a súa competitividade asignables a algunha das relacionadas no anexo II. O proxecto subvencionable deberá en todo caso estar vinculado a algunha destas actividades, independentemente de calquera outra que, ademais, desempeñe o solicitante.

3.2.3. Conceptos subvencionables.

3.2.3.1. Para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido consideraranse integrados na base subvencionable os conceptos seguintes:

3.2.3.1.1. Nos proxectos de investimento tecnolóxico, ou na compoñente tecnolóxica doutros proxectos de investimento:

a) Bens de equipo de carácter tecnolóxico: maquinaria de proceso, instalacións específicas necesarias para a súa implantación, elementos de transporte interior, medios de protección do ambiente e outros bens de equipamento ligados ao proxecto.

b) Adquisición de propiedade intelectual e industrial, podendo incluír licenzas de fabricación e patentes.

3.2.3.1.2. En proxectos de desenvolvemento tecnolóxico, ou na compoñente de desenvolvemento tec-

nolóxico doutros proxectos de investimento, poderán ser subvencionados os seguintes custos:

a) Investimentos en equipamento e instrumental de carácter tecnolóxico necesario para o proxecto de desenvolvemento.

b) Gastos de adquisición de material funxible ou compoñentes necesarias para o proxecto de desenvolvemento.

c) Gastos de protección legal dos resultados do proxecto.

d) Custos de colaboradores externos cando sexan prestados por centros ou institucións tecnolóxicas, ata o límite de 60.000 € de gasto subvencionable por proxecto.

e) Custos indirectos, limitados ao 10% da base subvencionable total do proxecto, pero en todo caso estimados polo solicitante segundo os custos de carácter interno.

3.2.3.2. Os investimentos deberán realizarse en bens novos.

3.2.3.3. Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes da finalización do prazo concedido para a execución do proxecto (prazo de vixencia), debendo constar no dito momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas.

3.2.4. Límites do proxecto e subvención.

3.2.4.1. Para ser apoiables, os proxectos terán que superar un mínimo de base subvencionable de 100.000 € e poderán acadar ata un máximo de base subvencionable de 600.000 €. Un solicitante só poderá presentar unha solicitude por convocatoria. Para estes efectos considerárase como un único solicitante as empresas pertencentes a un mesmo grupo empresarial.

3.2.4.2. Con carácter xeral, o límite máximo de axuda non superará a porcentaxe do 50% calculada sobre a base subvencionable aprobada.

3.2.5. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

O expediente avaliarase tomando en conta os seguintes criterios, seleccionando aqueles que obteñan maior puntuación ata o límite do orzamento asignado:

1. Sectores de especial consideración: (sectores maduros prioritarios, sectores de tecnoloxía avanzada, emerxentes ou de alto potencial relacionados no anexo IV): 10 puntos.

2. Empresa adscrita a un clúster galego legalmente constituído: 5 puntos.

3. Estrutura de emprego existente na PEME: 0 10 puntos dependendo da relación traballadores indefinidos/total de traballadores ao peche do último exercicio.

4. Localización do proxecto dentro de Galicia: ata 15 puntos en áreas de especial interese, como as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

5. Grao de innovación:

5.1. A nivel de empresa:

5.1.1. Novos produtos: 15 puntos.

5.1.2. Procesos non realizados previamente: 10 puntos.

5.1.3. Mellora ou automatización de procesos pre-existentes: 5 puntos.

5.2. Orixe da innovación:

5.2.1. Galicia: 15 puntos.

5.2.2. Resto de España: 10 puntos.

5.2.3. Estranxeiro: 5 puntos.

5.3. Carácter innovador e tecnolóxico do proxecto no seu conxunto: 0 - 30 puntos.

6. A existencia de sistemas de xestión ambiental certificados por entidade acreditada: 5 puntos.

7. A existencia de sistemas de calidade certificados por entidade acreditada: 5 puntos.

3.3. Proxectos dirixidos a mellorar a organización mediante a consultoría de proceso e a implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando.

Poderá incentivarse a posta en marcha de plans de actuación dedicados á innovación na xestión da empresa no seu conxunto ou nalgún dos seus procesos, por medio de consultoría de proceso e implantación de ferramentas informáticas de xestión.

3.3.1. Beneficiarios.

As pequenas e medianas empresas, segundo a definición da base 2.1.b) que teñan radicado o centro da súa actividade ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia.

3.3.2. Actividades subvencionables.

Todas as actividades económicas agás as recollidas no anexo I do Tratado constitutivo da UE e citadas no anexo III destas bases.

3.3.3. Conceptos subvencionables.

Poderán ser subvencionados os seguintes conceptos:

3.3.3.1. Consultoría de proceso e asistencia técnica específica para a implantación do proxecto

3.3.3.2.

I) Software e aplicacións de xestión interna (paquetes estándar ou desenvolvementos específicos)

II) Hardware necesario para o manexo das aplicacións de xestión que se van implantar (ordenadores ou servidores).

III) Instalación de redes informáticas internas á empresa e, se é o caso, custos de aloxamento en remoto (hosting/housing) durante un ano das aplicacións implantadas.

3.3.4. Límites do proxecto e subvención.

3.3.4.1. Para ser apoiables, os proxectos terán que superar un mínimo de base subvencionable de 30.000 € e poderán acadar ata un máximo de base subvencionable de 200.000 €.

3.3.4.2. Con carácter xeral, o límite máximo de axuda sobre a base subvencionable aprobada non superará:

a) Para os gastos do número 3.3.3.1.: o 50% da base subvencionable ata un límite de subvención de 15.000 €.

b) Para os do número 3.3.3.2: o 55% da base subvencionable. A subvención máxima en hardware será de 12.000 €.

3.3.5. Criterios de avaliación.

O expediente avaliarase tomando en conta os seguintes criterios, seleccionando aqueles que obteñan maior puntuación ata o límite do orzamento asignado:

1. Sectores de especial consideración: (sectores maduros prioritarios, sectores de tecnoloxía avanzada, emerxentes ou de alto potencial relacionados no anexo IV): 10 puntos.

2. Empresa adscrita a algún cluster galego legalmente constituído: 10 puntos.

3. Estrutura de emprego existente: 0 - 10 puntos dependendo da relación traballadores indefinidos/total de traballadores ao peche do último exercicio.

4. Integridade, novidade e obxectivo dos proxectos: 0 - 30 puntos.

5. Tipo de ferramentas que se vai implantar: 0 30 puntos.

5.1. Estándar adaptada: 15 puntos.

5.2. Desenvolvemento específico: 5 puntos.

5.3. Orixe das ferramentas informáticas:

5.3.1. Galicia: 15 puntos.

5.3.2. Resto de España: 10 puntos.

5.3.3. Estranxeiro: 5 puntos.

6. A existencia de sistemas de xestión ambiental certificados por entidade acreditada: 5 puntos.

7. A existencia de sistemas de calidade certificados por entidade acreditada: 5 puntos.

3.4. Proxectos de desenvolvemento tecnolóxico precompetitivo.

a) De cooperación entre empresas.

b) De colaboración entre unha empresa que supere os límites de PEME e centros ou institucións tecnolóxicas.

Poderán incentivarse con subvencións a fondo perdido, os proxectos de desenvolvemento tecnolóxico precompetitivo, propostos por conxuntos de empresas compostos por un mínimo de tres, ou ben por unha empresa que supere os límites de PEME en colaboración con centros ou institucións tecnolóxicas.

Entenderase por desenvolvemento tecnolóxico precompetitivo a actividade dirixida á materialización nun deseño ou formulación conceptual completa dun produto, proceso ou servizo novo ou substancialmente modificado, podendo incluír a realización dun prototipo non comercializable.

3.4.1. Beneficiarios.

3.4.1.1. As agrupacións de empresas, Pemes ou non, ou empresas que superando os límites de PEME segundo a definición da base 2.1.b) presenten a súa solicitude en colaboración cun centro ou institución tecnolóxica. Os beneficiarios terán que ter radicado o centro da súa actividade ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia e propoñer un proxecto de desenvolvemento tecnolóxico a realizar en Galicia incardinado nalgunha das actividades consideradas subvencionables.

3.4.1.2. No caso de proxectos individuais de empresas que superen os límites de PEME exixírase ao final do prazo de vixencia a acreditación do aumento neto das actividades de I+D, avaliado respecto ao trienio precedente á solicitude de axuda. No caso de non existir este incremento considerarase incumprimento total de condicións, non procedendo o pagamento de subvención concedida.

3.4.1.3. No caso de agrupacións de empresas, as solicitantes designarán un líder do proxecto que subscribirá o cuestionario de solicitude no cal se deberán incluír os datos de cada unha das empresas participantes e a súa participación no proxecto. O proxecto será avaliado no seu conxunto e, se é o caso, a resolución de concesión incluíra os custos a xustificar por cada unha das empresas participantes.

A aceptación da resolución de concesión deberá ser asignada polos representantes legais de todas as empresas participantes.

Para a xustificación da execución do proxecto, o líder recompilará os xustificantes de todos os participantes, que serán presentados, xunto coa solicitude de cobramento ante o Igape. Para a liquidación do proxecto o Igape realizará un pagamento único ao líder do proxecto, a quen se lle notificará a repartición da subvención entre as empresas participantes, con copia desta notificación a cada unha delas.

3.4.2. Actividades subvencionables.

Serán subvencionables ao abeiro deste programa os proxectos de desenvolvemento tecnolóxico pre-competitivo en Galicia propostos polos beneficiarios establecidos no número 3.4.1 anterior que realicen en Galicia actividades industriais, loxísticas ou de servizos avanzados ás Pemes, asignables a algunha das relacionadas no anexo II. O proxecto subvencionable deberá en todo caso estar vinculado ao desenvolvemento de novos produtos ou procesos para algunha destas actividades.

3.4.3. Conceptos subvencionables.

3.4.3.1. Para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido consideraranse integrados na base subvencionable os conceptos seguintes:

Os custos subvencionables poderán consistir en:

a) Investimentos en equipamento e instrumental de carácter tecnolóxico necesario para o proxecto de desenvolvemento.

b) Gastos de adquisición de material funxible ou compoñentes necesarias para o proxecto de desenvolvemento.

c) Gastos de protección legal dos resultados do proxecto.

d) Custos de colaboradores externos cando sexan prestados por centros ou institucións tecnolóxicas ata o límite de 300.000 € de gasto subvencionable por proxecto.

e) Custos indirectos, limitados ao 10% da base subvencionable total do proxecto, pero en todo caso estimados polo solicitante segundo os custos de carácter interno.

3.4.3.2. Os investimentos deberán realizarse en bens novos.

3.4.3.3. Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes da finalización do prazo concedido para a execución do proxecto

(prazo de vixencia), debendo constar no dito momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas.

3.4.4. Límites do proxecto e subvención.

3.4.4.1. Para seren apoiables, os proxectos terán que superar un mínimo de base subvencionable de 300.000 € e poderán acadar ata un máximo de base subvencionable de 1.500.000 €. Un solicitante ou agrupación só poderá presentar unha solicitude por convocatoria. Para estes efectos consideraranse como un único solicitante as empresas pertencentes a un mesmo grupo empresarial.

3.4.4.2. Con carácter xeral, o límite máximo de axuda non superará a porcentaxe do 50% calculada sobre a base subvencionable aprobada.

3.4.5. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

O expediente avaliarase tomando en conta os seguintes criterios, seleccionando aqueles que obteñan maior puntuación ata o límite do orzamento asignado:

1. Sectores de especial consideración: (sectores maduros prioritarios, sectores de tecnoloxía avanzada, emerxentes ou de alto potencial relacionados no anexo IV): 10 puntos.

2. Empresa (ou empresas en grupo) adscritas a un clúster galego legalmente constituído: 20 puntos.

3. Localización do proxecto dentro de Galicia: ata 15 puntos en áreas de especial interese, como as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

4. Grao de innovación: (5 - 70)

4.1. Desenvolvemento de novos produtos: 20 puntos.

4.2. Desenvolvemento de novos procesos: 10 puntos.

4.3. Mellora substancial de produtos ou procesos pre-existent: 5 puntos.

Alcance:

4.4. Novidoso a nivel Galicia: 10 puntos.

4.5. Novidoso a nivel España: 20 puntos.

4.6. Novidoso a nivel internacional: 30 puntos.

4.7. Especial consideración do proxecto no seu conxunto: 0 - 20 puntos.

3.5. Proxectos tractores de empresas desenvolvedoras de software en código aberto.

Poderán apoiarse proxectos propostos por empresas de desenvolvemento de software ou solucións software empotradas, en código aberto (open source)

dirixidos á parametrización final de aplicacións de xestión e á introdución a testaxe do mercado.

Entenderase como software de código aberto o que se ofrezca con algunha das licenzas deste tipo máis difundidas, tales como GPL (licenza pública xeral GNU), LGPL (licenza pública xeral menor GNU), MPL (licenza pública Mozilla) e BSD (licenza pública BSD).

Os proxectos deberán especificar o tipo de aplicativo a parametrizar e o seu obxecto de xestión nas empresas que o implanten, na procura de valorizar as expectativas de mellora da súa produtividade sen penalización do emprego existente e tendan a favorecer a capacidade innovadora das Pemes.

No momento da xustificación, a empresa promotora do proxecto deberá ter posto en marcha un espazo web do proxecto (apoiándose en ferramentas como as existentes en <http://www.sourceforge.net> ou similares) no cal se difunda sen ningunha limitación de acceso o software desenvolvido, e exista a documentación suficiente para a súa utilización por parte doutras empresas e particulares, de acordo cos termos da licenza pública elixida.

3.5.1. Beneficiarios.

3.5.1.1. Pequenas e medianas empresas segundo a definición da base 2.1.b) desenvolvedoras de software que teñan radicado o centro da súa actividade ou algún centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, que propoñan a realización en Galicia dun proxecto de desenvolvemento final de aplicativos informáticos de xestión e implantación en Pemes galegas.

3.5.1.2. Os proxectos deberán contar coa participación inicial de polo menos 5 Pemes galegas determinadas, que permitan o ensaio e adaptación do aplicativo, coa vantaxe de seren usuarios de xeito gratuito da solución adaptada. Unha vez acadado o obxectivo de ensaio: adaptación final en polo menos esas cinco Pemes, o proxecto establecerá un compromiso de cesión e adaptación gratuíta en polo menos 20 Pemes galegas máis.

3.5.1.3. Ao remate do proxecto deberán quedar identificadas todas as Pemes beneficiadas pola implantación gratuíta do aplicativo mediante a cobertura do formulario do anexo VI a estas bases, asinado por cada un dos representantes das usuarias.

3.5.2. Conceptos subvencionables.

3.5.2.1. Para os efectos de cálculo da subvención a fondo perdido consideraranse integrados na base subvencionable os conceptos seguintes:

Os custos subvencionables poderán consistir en:

a) Investimentos en equipamento e instrumental de carácter tecnolóxico necesario para o proxecto de desenvolvemento final do aplicativo.

b) Gastos de adquisición de material funxible ou compoñentes necesarios para o proxecto.

c) Custos de colaboradores externos cando sexan prestados por centros ou institucións tecnolóxicas, ata o límite de 10.000 € por proxecto.

d) Salario bruto do persoal da empresa dedicado ao desenvolvemento do proxecto, durante o período de execución e na proporción da súa dedicación porcentual.

3.5.2.2. Os investimentos deberán realizarse en bens novos.

3.5.2.3. Os bens obxecto do investimento deberán ser adquiridos polo beneficiario en propiedade. No caso de adquisición dos bens mediante fórmulas de pagamento aprazado, estes deberán pasar a ser de propiedade plena da empresa antes da finalización do prazo concedido para a execución do proxecto (prazo de vixencia), debendo constar no dito momento o vencemento e pagamento das cantidades aprazadas.

3.5.3. Límites do proxecto e subvención.

Con carácter xeral, o límite máximo de axuda non superará a porcentaxe do 50% calculada sobre a base subvencionable aprobada. A subvención máxima por proxecto aprobado será de 150.000 €.

3.5.4. Criterios de avaliación e selección de proxectos.

O expediente avaliarase tomando en conta os seguintes criterios, seleccionando aqueles que obteñan maior puntuación ata o límite do orzamento asignado:

1. Empresa desenvolvedora de software adscrita a un clúster galego legalmente constituído: 10 puntos.

2. Localización do proxecto dentro de Galicia: ata 15 puntos en áreas de especial interese, como as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

3. Número de Pemes nas que se implantará gratuitamente o aplicativo: 0 - 20 puntos.

4. Custo total alegado: 0 - 10 puntos (aplicado de forma inversa).

5. Obxectivo do aplicativo de xestión e perspectivas de incremento da produtividade nas Pemes que o implanten: 0 - 45 puntos.

Base 4ª.-Tramitación de solicitudes.

4.1. Para presentar unha solicitude de axuda os interesados deberán cubrir previamente un cuestionario descritivo das circunstancias do solicitante e do proxecto a través da aplicación de axuda establecida no enderezo da internet <http://www.tramita.lgape.es>. Co fin de prestar asistencia para cubrir o cuestionario, o Igape pon á disposición dos interesados o seu Servizo de Asistencia Técnica, cun sistema de cita previa concertada a través do mencionado enderezo da internet ou dos números de teléfono 902 30 09 03 ou 981 54 11 47, ou os que en cada momento se establezan para esta finalidade.

Deberán cubrirse necesariamente todos os campos do formulario establecidos como obrigatorios, tras o cal a aplicación emitirá un identificador de documento electrónico (IDE) que identificará univocamente o cuestionario.

Este IDE estará composto de 40 caracteres alfanuméricos e obterase mediante o algoritmo estándar de extractado SHA-1 160 bits a partir do documento electrónico xerado pola aplicación de axuda citada anteriormente.

4.2. As solicitudes de axuda presentaranse mediante a instancia normalizada que se xunta como anexo I, nas cales será obrigatorio a inclusión dos 40 caracteres alfanuméricos do IDE obtido no paso anterior. As solicitudes que carezan do IDE ou nas que este sexa erróneo (sexa porque ten un formato erróneo ou porque non foi xerado pola aplicación de axuda) serán devoltas sen tramitación.

4.3. O interesado presentará a instancia de solicitude co IDE no rexistro xeral dos servizos centrais do Igape, nas súas oficinas territoriais ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.4. Así mesmo, os interesados poderán asinar electronicamente o formulario de solicitude co IDE e presentalo no rexistro telemático da Xunta de Galicia.

Os solicitantes por esta vía telemática deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Será necesario que o asinante da solicitude teña a representación legal da empresa ou entidade solicitante. Esta representación deberá ser individual ou solidaria, de xeito que coa súa sinatura abonde para acreditar a vontade do solicitante.

b) O asinante deberá posuír un certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3 válido tal e como específica a Orde do 25 de novembro de 2004 da Consellería de Economía e Facenda pola que se establecen as normas específicas sobre o uso da sinatura electrónica nas relacións por medios electrónicos, informáticos e telemáticos coa Consellería de Economía e Facenda e os seus organismos e entidades adscritas (DOG nº 239, do 10 de decembro de 2004). Os certificados de clase 2 CA emitidos pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre-Real Casa da Moeda serán válidos a efectos de presentación de solicitudes. Se o certificado corresponde a unha persoa física, a súa representación acreditarase documentalmente ao longo da tramitación do expediente.

c) Unha vez asinado o formulario de solicitude co IDE, mediante certificación dixital do presentador, e transferidos estes ao Igape, procederase á anotación dunha entrada no Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, creado polo Decreto 200/2003, do 20 de marzo.

d) No momento da presentación o rexistro expedirá, empregando as características da aplicación telemática, un recibo no que quedará constancia do feito da presentación, consonte ao citado Decreto 200/2003.

e) Os interesados que cumpran os requisitos da alínea b) anterior, tamén poderán empregar a vía telemática para a recepción de notificacións do Igape e para o envío de escritos ao órgano xestor da axuda. Para a recepción de notificacións será preceptivo que o solicitante teña indicado no formulario normalizado a súa preferencia polo emprego da notificación telemática neste procedemento de axudas. Neste caso o solicitante deberá acceder á web do Igape na epígrafe Tramitación telemática, para recibir as notificacións. O sistema solicitará do interesado o seu certificado dixital en vigor, e a sinatura electrónica dun xustificante de recepción das notificacións (xustificante de recepción telemático). Os efectos destas notificacións serán os establecidos no Real decreto 209/2003, do 21 de febreiro.

4.5. Os solicitantes poderán obter en todo momento un xustificante da recepción por parte do Igape dos termos da súa solicitude contidos no cuestionario. Para iso utilizarán a aplicación establecida no enderezo da internet citado anteriormente, introducindo os 40 caracteres do IDE e o enderezo de correo electrónico no que desexan recibir o xustificante. As modificacións da solicitude inicial, deberán ser presentadas utilizando a aplicación de axuda para xerar un cuestionario modificado, cuxo IDE será de obrigatoria inclusión no escrito de comunicación ao Igape das ditas aclaracións.

4.6. Instrución do procedemento.

4.6.1. A solicitude de axuda será avaliada polos servizos técnicos do Igape en función dos datos relativos ao proxecto declarados no cuestionario descritivo do proxecto.

4.6.2. Proposta de resolución.-Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e informados os expedientes polos servizos técnicos, serán obxecto de avaliación conxunta por unha comisión presidida polo director xeral do Igape e formada por polo menos tres vogais designados de entre o persoal técnico do Igape. Unha vez avaliados, a proposta de resolución será elevada ao presidente do Igape, quen resolverá por delegación do Consello de Dirección.

4.6.3. Resolución.

4.6.3.1. Na resolución de concesión de axuda farase constar o importe do gasto subvencionable a xustificar, a contía e porcentaxe da subvención concedida, as condicións e prazos de execución previstos no proxecto subvencionado, o prazo establecido para o cumprimento de todas as condicións da subvención, así como a obriga por parte do perceptor da subvención de indicar en todo labor de difusión, publicidade ou análoga da actividade subvencionada, a mención expresa de que a dita actuación foi financiada polo Igape e, se é o caso, pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desen-

volveremento Rexional (Feder). Así mesmo, poderán establecer condicións técnicas e económicas de obrigada observancia para a realización do proxecto.

4.6.3.2. Na resolución denegatoria de axuda farase constar o motivo da denegación. Cando o motivo da denegación resulte de non acadar os puntos de avaliación necesarios no proceso de selección, explicitarase a puntuación acadada así como o posto de reserva que lle corresponde na lista de espera elaborada co fin de que, de producirse desistencias ou renuncias entre os proxectos aprobados, poidan ser propostos para concesión por estrita orde de puntuación acadada.

4.6.3.3. As resolucións serán notificadas ao solicitante naquela parte que lles afecta. Se a resolución é de concesión o beneficiario terá un prazo de quince días hábiles a partir do seguinte ao da súa notificación para a súa aceptación cubrindo a dilixencia que se anexe, así como a presentación da documentación (en orixinal ou copia cotexada) especificada na resolución de concesión, que con carácter xeral será a seguinte:

a) DNI do asinante da solicitude e da dilixencia de aceptación.

b) Poder de representación inscrito, se é o caso, no rexistro competente do asinante da solicitude e da dilixencia de aceptación.

c) Escritura de constitución e estatutos debidamente inscritos no rexistro competente e modificacións posteriores destes.

d) No caso de que non fosen xa obtidos directamente polo órgano xestor, certificados de estar ao día de pagamentos nas súas obrigas tributarias, coa Facenda Autónoma e coa Seguridade Social.

e) Calquera outra documentación necesaria para efectos da liquidación que voluntariamente decida anticipar.

A aceptación por parte do interesado suporá a obriga de cumprir as condicións establecidas na resolución, nestas bases e demais disposicións que sexan de aplicación.

4.6.3.4. Transcorrido o prazo de aceptación sen a recepción da dilixencia de aceptación ou da documentación requirida, o Igape terá o beneficiario por renunciado da axuda aprobada, procedendo ao arquivo do expediente, logo de resolución declarativa desta circunstancia.

4.6.3.5. O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución do expediente será de tres meses contados desde o día seguinte ao remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen ter recaído resolución expresa, o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude.

Base 5ª.-Prazo de presentación de solicitudes.

As convocatorias de axudas que conterán en todo caso o prazo de presentación de solicitudes e os

créditos asignados a ela, serán aprobadas mediante resolución do director xeral do Igape e publicadas no *Diario Oficial de Galicia*.

Base 6ª.-Recursos.

6.1. As resolucións dos expedientes instruídos ao abeiro do disposto nestas bases esgotarán a vía administrativa, polo que, de conformidade co previsto na Lei da xurisdición contencioso-administrativa, se poderá interpoñer contra elas recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da súa notificación.

6.2. Potestativamente e con anterioridade á interposición do recurso contencioso-administrativo, poderase interpoñer no prazo dun mes desde o día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, recurso de reposición, que resolverá o Consello de Dirección do Igape.

Base 7ª.-Obrigas dos beneficiarios.

7.1. Son obrigas dos beneficiarios:

a) Executar o proxecto subvencionado dentro dos prazos máximos que se establezan na respectiva resolución de concesión con cumprimento das condicións e prescricións establecidas nela, nestas bases ou demais normativa de aplicación. Excepcionalmente, en casos xustificados, os prazos poderán ser prorrogados de oficio ou por instancia do interesado.

b) Acreditar ante o Igape a realización do custo subvencionado, presentando toda a documentación xustificativa da realización do proxecto nos termos establecidos na resolución de concesión e o cumprimento das condicións, se é o caso, impostas. Os custos incorridos polo beneficiario deberán ser xustificados mediante a presentación de facturas orixinais e xustificantes do seu pagamento efectivo emitidos por entidades financeiras, non admitíndose pagamentos en efectivo, salvo para importes inferiores aos 3.000 € por provedor.

c) Acreditar ante o Igape que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. A presentación da solicitude suporá a autorización ao órgano xestor destas axudas que se obterán dos organismos competentes os certificados de que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias estatais e autonómicas, da Seguridade Social e da Administración pública da comunidade autónoma. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor poderán serlles requiridos ao interesado.

d) Afectar os bens subvencionados á actividade subvencionada un mínimo de 5 anos.

e) Cumprir as demais condicións establecidas na resolución de concesión.

f) No caso de cofinanciamento europeo, dar a adecuada publicidade desta, nos termos que resulten da resolución de concesión.

g) Someterse ás actuacións de comprobación que serán efectuadas polo órgano concedente ou calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. Estas actividades de comprobación poderán ser entre outras:

-Visitas ás instalacións nas cales se realizou o proxecto.

-Acceso a toda a documentación relacionada co proxecto.

-Acceso aos rexistros internos da empresa, nos que se basean as xustificacións técnicas e administrativas.

h) Comunicarlle ao Igape a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso coa solicitude de aboamento da subvención. O importe da subvención non poderá en ningún caso ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo do proxecto subvencionado ou as porcentaxes máximas de subvención establecidas na base 12.

i) Dispoñer, se é o caso, dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan exixidos na resolución de concesión.

j) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control; isto é, por non ter prescrito o prazo de cinco anos desde o cumprimento de condicións, sen prexuízo dos prazos específicos que se establezan en virtude da normativa da UE no control da aplicación de fondos comunitarios.

k) Adoptar as medidas de difusión da concesión da axuda ou subvención que sexan establecidas na resolución.

l) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos establecidos nas bases núm. 11 e 12.

7.2. O incumprimento das citadas obrigas poderá dar lugar á revogación da concesión e, se é o caso,

ao reintegro do indebidamente percibido e aos seus xuros de demora.

Base 8ª.-Incidencias e modificacións do proxecto.

8.1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión ou á súa revogación, no caso de considerarse que a modificación afecta un aspecto substancial da concesión.

8.2. Os beneficiarios quedan obrigados a comunicarlle ao Igape calquera circunstancia ou eventualidade que poida afectar substancialmente a execución dos fins para os que foron concedidas as ditas axudas. En particular, deberá remitir unha declaración complementaria das axudas recibidas para o mesmo proxecto.

8.3. En caso de modificación do proxecto aprobado, o beneficiario da axuda poderá solicitar, motivadamente, a modificación da resolución. No caso de que a modificación solicitada afecte os datos declarados no cuestionario, deberá cubrir previamente un novo cuestionario descritivo do proxecto na aplicación de axuda na internet, e obter un novo código IDE. Este IDE incluírase na solicitude de modificación. As solicitudes de modificación do prazo de execución do proxecto (prazo de vixencia) non precisarán cubrir un novo cuestionario.

8.4. O presidente do Igape poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario, debendo cumprirse os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade das normas ou bases reguladoras.

b) Que a modificación non cause prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e circunstancias que motiven a modificación de ter concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da subvención.

8.5. O acto polo que se acorde a modificación da resolución de concesión ou, se é o caso, a súa denegación, será ditado polo órgano concedente, unha vez instruído o correspondente expediente no que se dará audiencia aos interesados. Non obstante, poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento, nin se teñan en conta na resolución, outros feitos, alegacións ou probas que as aducidas polos interesados.

Base 9ª.-Xustificación.

9.1. A xustificación ante o Igape da execución do proxecto e do cumprimento de todas as condicións establecidas na resolución de concesión, será realizada polo beneficiario como máximo dentro dos dous meses seguintes ao vencemento do prazo de

vixencia establecido na resolución de concesión para a súa execución.

9.2. Dado que a resolución de concesión de axuda é ditada de acordo coas declaracións relativas ao proxecto contidas na solicitude, en trámite de xustificación deberá acreditarse documentalmente o cumprimento dos extremos declarados, mediante a presentación da solicitude de cobramento normalizada, anexo V, e a documentación en orixinal ou copia cotexada que para tal efecto se especifique na resolución de concesión. Advírtese que calquera discrepancia entre a documentación xustificativa e as declaracións da solicitude de axuda poderá ser motivo de inicio de expediente de incumprimento que, se é o caso, poderá comportar a modificación ou revogación da concesión e o reintegro das cantidades previamente aboadas, nos termos establecidos na base 11ª.

9.3. Cando na resolución de concesión se fixasen prazos parciais para que o beneficiario acredite a execución, como mínimo, dunha determinada porcentaxe do gasto subvencionado ou o cumprimento doutras condicións, o seu incumprimento significará o inicio dun expediente que poderá finalizar coa revogación da axuda.

9.4. No caso de que existan razóns xustificadas para o atraso no cumprimento de condicións, os prazos de execución que se establezan na resolución, poderán ser ampliados de oficio ou por instancia do beneficiario mediante resolución expresa e motivada.

9.5. Excepcionalmente, cando a xustificación documental resulte insuficiente para acreditar o importe e a realización de determinados gastos, o Igape poderá solicitar, que se achegue informe de auditoría independente.

9.6. Para os efectos de que o Igape expida informe positivo da correcta execución do proxecto será necesario, se é o caso, a acreditación polo beneficiario de ter obtido as autorizacións administrativas que correspondan ao seu proxecto.

9.7. Sen necesidade de instar procedemento de incumprimento ou modificación da subvención, o Igape poderá aceptar variacións nos diversos capítulos da base subvencionable aprobada, coa dobre condición de que a oscilación, en máis ou menos, non exceda o 20% de cada capítulo e que, no seu conxunto, non varíe o importe total da base subvencionable aprobada nin da axuda concedida, nin desvirtúe as características do proxecto e condicións que fosen tidas en conta para resolver a concesión.

9.8. De acordo co disposto no artigo 35 f) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será necesario presentar a documentación que xa se atope en poder do Igape, sempre que se man-

teña vixente e se identifique o procedemento administrativo para o que foi presentada. No suposto de imposibilidade material de obter a documentación ou no caso de que se constate a non validez desta, o órgano competente poderá requirirlle ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento.

Base 10ª.-Aboamento das subvencións.

10.1. O aboamento das subvencións realizarase unha vez que o Igape considere xustificada a realización total do proxecto e o cumprimento das condicións.

10.2. O cobramento solicitarase como liquidación única da subvención.

10.2.1. Dentro do prazo máximo de dous meses seguintes á finalización do prazo de vixencia establecido na concesión, deberá acreditarse a execución da totalidade do proxecto e o cumprimento das condicións, se é o caso, establecidas na resolución.

10.2.2. Así mesmo, poderase efectuar un pagamento único da subvención, dentro do prazo de vixencia, aínda cando quede pendente de acreditar algunha condición, unha vez xustificada a execución da totalidade do gasto do proxecto subvencionado e o cumprimento daquelas condicións cuxo prazo vencese con anterioridade á presentación da solicitude de cobramento. Neste caso, o cobramento da subvención estará condicionado á previa presentación de garantías. Deberase presentar garantía constituída mediante aval solidario de entidade financeira ou outra garantía suficiente, depositada na Caixa Xeral de Depósitos, que cubra o importe do pagamento e dos seus xuros calculados ao tipo de xuro legal do diñeiro vixente no momento da súa concesión e polo prazo que medie entre a data de solicitude e como mínimo aquela en que se cumpran seis meses do fin do prazo final de vixencia previsto na resolución de concesión. Cando o beneficiario acredite que foron cumpridas todas as condicións da resolución de concesión, autorizarase o levantamento do aval.

Base 11ª.-Incumprimento.

11.1. Non se poderá exixir o pagamento da subvención concedida e procederá a revogación da axuda e, se é o caso, o reintegro total ou parcial da contía percibida e os xuros de demora devengados desde o seu pagamento, nos casos seguintes:

a) Incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente segundo os termos contidos nestas bases.

b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, falseando as condicións requiridas para isto ou ocultando aquelas que o impiden.

c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade, proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a concesión da subvención.

d) Incumprimento das condicións impostas aos beneficiarios con motivo da concesión da axuda ou subvención pública, así como dos compromisos por estes asumidos, sempre que afecten ou se refiran ao modo no que deben acadarse os obxectivos, realizar a actividade, executar o proxecto ou adoptar o comportamento que fundamente a concesión da subvención, ou daqueles distintos dos anteriores, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade ou regularidade das actividades subvencionadas ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

e) Incumprimento de adoptar as medidas de difusión que se impuxesen na resolución de concesión.

f) Resistencia, excusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro desempeñadas pola Administración ou calquera dos seus órganos, así como o incumprimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando disto se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades subvencionadas, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea, ou de organismos internacionais.

g) A adopción, en virtude do establecido nos artigos 87 a 89 do Tratado da Unión Europea, dunha decisión da cal se derive unha necesidade de reintegro.

h) Nos demais casos previstos na normativa reguladora da subvención.

11.2. Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos cales o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia coas subvencións ou axudas doutras administracións ou doutras entidades públicas ou privadas, supere o custo do proxecto ou as porcentaxes máximas de axuda establecidas nestas bases, segundo o establecido no punto 7.1.h) anterior.

11.3. O procedemento de incumprimento será iniciado de oficio polo órgano do Igape que ditou a resolución de concesión, ben por iniciativa propia, logo do informe dos servizos do Igape competentes na xestión ou liquidación dos expedientes, ou como consecuencia das actuacións de control da Intervención Xeral, por petición razoada doutros órganos que teñan atribuídas facultades de comprobación na materia ou por denuncia, mediante a comuni-

cación ao beneficiario das presuntas causas determinantes do incumprimento e as súas posibles consecuencias. Os interesados poderán, en calquera momento do procedemento anterior ao trámite de audiencia, aducir alegacións ou achegar documentos e outros elementos de xuízo.

11.4. Incumprimento parcial. Sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomadas en conta na concesión das axudas, o Igape poderá apreciar un incumprimento parcial, debendo resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumprida na resolución de concesión, e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro do indebidamente percibido e os seus xuros de demora de acordo cos seguintes criterios:

a) No caso de condicións referentes á contía ou conceptos da base subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables, debendo, se é o caso, reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superase o 50% da base subvencionable do proxecto, entenderase que o dito incumprimento é total, debendo reintegrarse todas as cantidades percibidas e os seus xuros de demora.

b) Excepcionalmente o Consello de Dirección do Igape poderá autorizar un incumprimento parcial distinto cando as súas causas quedasen suficientemente xustificadas e non se desvirtuase a finalidade da subvención.

c) En caso de que o incumprimento se refira á obtención da subvención por unha contía cuxo importe, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas exceda os topes máximos legalmente permitidos, procederá o reintegro do exceso obtido sobre os ditos topes máximos.

d) Se o incumprimento deriva da inobservancia dalgúha condición ou suposto distinto dos previstos nas alíneas anteriores, o seu alcance será determinado en función do grao e da entidade da condición incumprida.

e) A concorrencia de distintas causas de incumprimento ou incidencias dará lugar á aplicación a cada unha delas das regras previstas neste punto.

f) Procederá declarar a revogación total da axuda cando o incumprimento se refira aos requisitos establecidos en cada caso para obter a condición de beneficiario.

11.5. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, poñerase de manifesto aos interesados, que disporán dun prazo de quince días para alegar e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes. Poderase prescindir deste trámite cando non figuren no procedemento nin se teñan en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polo interesado.

11.6. Presentadas as alegacións ou transcorrido o prazo de quince días sen contestación por parte do beneficiario, o presidente do Igape ditará a resolución que proceda, pronunciándose sobre o alcance do incumprimento e, se é o caso, a obriga de reintegro das cantidades percibidas.

11.7. O prazo máximo para resolver e notificar os procedementos sobre incumprimento será de seis meses computados desde o acordo de iniciación. Se pasado este prazo non se tivese notificada a resolución entenderase caducado o procedemento, sen prexuízo de que se notifique a resolución declarando esta circunstancia de caducidade e ordenando o arquivo de actuacións, cos efectos previstos no artigo 92 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procedéndose a incoar novo expediente en canto non prescriba o dereito a iso.

11.8. O reintegro voluntario polo interesado, en calquera momento anterior á proposta de resolución, producirá a terminación do procedemento, sen prexuízo de que se dite resolución pola que se declare esta circunstancia e da iniciación do procedemento sancionador cando os feitos que motivaron o procedemento de reintegro puideran ser constitutivos de infracción administrativa segundo o establecido na Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no Decreto 287/2000 que a desenvolve en materia de axudas e subvencións.

11.9. A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulabilidade da resolución de concesión por concorrer as causas previstas nos artigos 62 e 63 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas. Non procederá a revisión de oficio do acto de concesión cando conorra causa de reintegro.

11.10. As cantidades que se deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público, resultado de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Base 12ª.-Incompatibilidade.

12.1. As axudas previstas nestas bases serán incompatibles con aquelas outras reguladas polo Igape, agás as axudas ou programas de carácter financeiro como subsidiación ao tipo de xuro, microcréditos, garantías ou préstamos directos.

12.2. Sen prexuízo dos límites específicos establecidos nestas bases e con carácter xeral estas axudas serán compatibles con calqueroutra das establecidas por calquera Administración pública, institución ou ente público, sempre e cando non se exceda o 50% de subvención neta equivalente.

Base 13ª.-Publicación de concesións.

As axudas concedidas ao abeiro destas bases serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia* e na páxina web do Igape, www.Igape.es, expresando beneficiario, finalidade, contía e aplicación orzamentaria.

Base 14ª.-Informes.

Para os efectos de configurar unha base de datos autonómica sobre axudas e subvencións públicas, segundo o establecido na disposición adicional terceira do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, o Igape remitirá á Consellería de Economía e Facenda a información sobre a xestión das axudas establecidas nestas bases.

Base 15ª.-Restricións ao dereito de acceso a arquivos e rexistros.

En virtude do establecido no artigo 37 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, e para a necesaria protección do segredo comercial ou industrial dos solicitantes das axudas reguladas nestas bases, entenderase excluído o dereito de acceso a arquivos e rexistros administrativos respecto dos datos contidos no expediente que polo seu contido deban ter este mesmo tratamento.

Base 16ª.-Control e comprobación das axudas.

16.1. As axudas establecidas nestas bases poderán ser cofinanciadas co fondo Feder da Unión Europea.

16.2. Sen prexuízo da comprobación material previa ao pagamento, da realidade dos gastos subvencionados que proceda, anualmente elaborárase en coordinación coa Intervención Xeral da Comunidade Autónoma un Plan de Comprobación de Axudas e Subvencións, cos criterios que para tal efecto se establezan.

16.3. Así mesmo, as empresas beneficiarias sométense ás actuacións de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, ás previstas na lexislación do Consello de Contas e do Tribunal de Contas, así como ás que poida efectuar, se é o caso, a Comisión e o Tribunal de Contas das Comunidades Europeas, no suposto de cofinanciamento das axudas con fondos europeos. Neste sentido os beneficiarios teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida polos ditos organismos.

Base 17ª.-Interpretación.

Corresponde ao presidente do Igape a facultade de ditar as disposicións necesarias para a aplicación das axudas previstas nestas bases, así como para resolver as dúbidas concretas que se susciten na súa aplicación.

Base 18ª.-Silencio administrativo.

As solicitudes que non fosen resoltas nos prazos que se establecen nestas bases poderán considerarse desestimadas.

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA



PROCEDEMENTO AXUDAS Á MELLORA DA PRODUTIVIDADE EMPRESARIAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO EC406H	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

ENTIDADE		NIF	
ACTIVIDADE		CORREO ELECTRÓNICO	
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL		DNI	
DOMICILIO POSTAL DA ENTIDADE		CÓDIGO POSTAL	
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX

SOLICITUDE PARA (SINALAR SÓ UN RECADRO)

- ☐ 1.- Iniciativas de difusión realizadas por organismos intermedios (base 3.1).
- ☐ 2.- Proxectos de investimento e desenvolvemento tecnolóxico das pemes (base 3.2).
- ☐ 3.- Proxectos dirixidos a mellorar a organización das Pemes mediante a consultoría de proceso e implantación de ferramentas de xestión e cadros de mando (base 3.3).
- ☐ 4.- Proxectos de desenvolvemento tecnolóxico precompetitivo (base 3.4).
- ☐ 5.- Proxectos tractores de empresas desenvolvedoras de software en código aberto (base 3.5).

Non debe entregar ningunha documentación á parte desta solicitude, e debe indicar a continuación, de forma obrigatoria, o identificador de documento electrónico (IDE) obtido da aplicación de axuda á cumprimentación de solicitudes, e o seu código de comprobación.

IDENTIFICADOR DE DOCUMENTO ELECTRÓNICO (IDE) - 40 DÍXITOS ALFANUMÉRICOS - SHA 1 160 BITS	CÓDIGO DE COMPROBACIÓN
--	------------------------

O solicitante declara ter obtido nos servizos web do IGape (<http://tramita.igape.es>) un documento electrónico cuxo Identificador de Documento Electrónico (IDE) aparece no cadro anterior. O contido deste documento forma, para todos os efectos, parte integrante da presente solicitude.

- ☐ DESEXO QUE AS NOTIFICACIÓNS DO IGape ACERCA DESTE EXPEDIENTE SE EFECTÚEN POR VÍA TELEMÁTICA.

Para utilizar esta opción debe dispor de certificado dixital que cumpra o especificado nas bases desta convocatoria. O IGape enviará un aviso ao enderezo de correo indicado, e o asinante da solicitude deberá recoller a notificación formal no enderezo da internet <http://tramita.igape.es>, logo de identificación mediante certificado.

Lexislación aplicable: <i>Bases reguladoras das axudas do Igape á mellora da produtividade empresarial mediante a innovación, cooperación e modernización do tecido produtivo.</i>	ESPazo RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN	
_____, _____ de _____ de _____ SINATURA E SELO	SELO DE REXISTRO DE ENTRADA	
D./D^a.: _____ O REPRESENTANTE LEGAL	Nº. DE EXPEDIENTE	
<i>Os datos recollidos nesta instancia, pasarán a formar parte dos ficheiros automatizados do Igape. A empresa ou entidade solicitante autoriza expresamente ao Igape, de acordo co establecido no art. 11 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a ceder os datos de carácter persoal incluídos na súa solicitude, a aquelas entidades coas que o Instituto colabore para os efectos de tramitar o correspondente expediente administrativo, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante. Poderase exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Dirección Xeral do Igape. Complexo administrativo de San Lázaro s/n 15703 Santiago de Compostela.</i>		

Presidente do Igape